



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

EXTRACTO BASES REGULADORAS AYUDAS PARA MINIMIZAR EL IMPACTO ECONOMICO Y SOCIAL DEL COVID-19 EN EL TERMINO MUNICIPAL DE NEDA, DURANTE EL EJERCICIO 2021

BDNS(Identif.):602038

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/602038>)

La Junta de Gobierno Local celebrada el día 20 de diciembre de 2021, aprobó el expediente de inicio de la convocatoria de subvenciones en concurrencia para el año 2021, según las bases reguladoras que figuran como anexo a las Bases de Ejecución del Presupuesto 2021, para contribuir a minimizar el impacto económico y social del COVID-19 en el término municipal de Neda, durante el ejercicio 2021.

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8 a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto íntegro puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, así como en la página web del Ayuntamiento.

1.- Objeto del programa.

Las presentes bases tienen por objeto establecer la regulación (solicitud, tramitación, concesión, justificación, pago y reintegro) de las subvenciones a conceder por el Ayuntamiento de Neda destinadas a paliar el impacto derivado de la crisis socioeconómica ocasionada por el Covid-19 sobre las pequeñas empresas y personas trabajadoras autónomas de Neda que se indicarán en el apartado tercero de estas bases

2.- Gastos Subvencionables.

Tiene la consideración de concepto subvencionable la financiación de gastos estructurales y de funcionamiento corrientes, que ayuden al mantenimiento de la actividad.

El importe de la subvención deberá destinarse a gastos inherentes a la actividad, de funcionamiento y mantenimiento, pudiendo destinarse a los gastos de alquiler de local o vehículos de la empresa, gastos hipotecarios del local o sede social de la empresa, digitalización del negocio, nóminas de trabajadores, cuotas a la seguridad social de los trabajadores o empresario autónomo, mercadotecnia y publicidad, actuaciones de mantenimiento del local, suministros de materias primas, servicios profesionales independientes, primas de seguros y suministros (agua, electricidad y gas).

Los gastos subvencionables se corresponderán con gastos realizados y efectivamente abonados entre el período comprendido del 01.01.2021 al 31.12.2021.

3.- Personas beneficiarias.

Estas ayudas van dirigidas a las personas trabajadoras autónomas con o sin trabajadores/las a su cargo, microempresas, pequeñas empresas, comunidades de bienes, sociedades civiles o entidades económicas empresariales sin personalidad jurídica que reúnan, en el momento de presentar la solicitud de subvención, los requisitos previstos en la base tercera de dicha norma.

La microempresa y la pequeña empresa son aquellas definidas conforme Anexo I del Reglamento (UE) nº 651/2014 de la Comisión, de 17 de junio de 2014.

No podrán obtener la condición de beneficiarios los autónomos colaboradores.

4.- Crédito presupuestario.

La cuantía destinada a atender estas subvenciones asciende a un importe total 70.000,00 euros del presupuesto municipal para el ejercicio 2021, en la aplicación presupuestaria 430.47901, financiada con fondos propios del ayuntamiento de Neda.

La subvención será otorgada a todas las personas beneficiarias que reúnan los requisitos señalados en las presentes bases, hasta agotar el crédito disponible, rateándose, en su caso, la cuantía total máxima fijada en la convocatoria dentro del crédito disponible entre el número de solicitudes presentadas que reúnan los requisitos señalados en las bases.

5.- Cuantía de las ayudas.

Se concederá una cantidad fija de:

Hasta un máximo de 1.000,00 euros por cada beneficiario de esta ayuda.

Estas ayudas serán compatibles con cualquier otra concedida por entidades públicas o privadas, autonómicas, estatales o internacionales, siempre que el importe total de las ayudas percibidas por el mismo concepto no supere el coste total de los gastos subvencionables por las presentes ayudas.

6.- Forma y plazo de presentación de solicitudes.

6.1.- Forma

Las solicitudes deberán se presentarán por vía telemática a través de la Sede electrónica del Ayuntamiento de Neda, para aquellas personas interesadas que tengan el deber de relacionarse con la Administración por medios electrónicos.

Las personas interesadas en participar en la presente convocatoria deberán presentar el modelo de solicitud normalizado que estará disponible en la página web municipal firmado digitalmente por la persona física o la representante legal de la persona jurídica.

La presentación telemática producirá plenos efectos jurídicos, siempre que la solicitud sea enviada dentro del plazo establecido.

Para presentar la solicitud de manera telemática es imprescindible que lo/la solicitante, en el caso de personas físicas, y la representante legal de la entidad, cuando se trate de personas jurídicas, dispongan de firma electrónica.

No se admitirá más de una solicitud por entidad. Se considera una sola entidad todas aquellas en las que los/ las socios/las, administradores/las o miembros de la junta directiva sean comunes en un porcentaje superior al 50% a las vinculadas en los términos establecidos en la Ley general de subvenciones y en sus normas de desarrollo, así como las que pudieran encajar en el concepto de grupo en los términos dispuestos en el Código de Comercio.

En el caso de presentación de varias solicitudes solo se tendrá en cuenta a última presentada, que dejará sin efecto y anulará todas las anteriores.

6.2.- Plazo de presentación

El plazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Coruña (BOP).

La presentación de la solicitud de subvención había sido del plazo establecido y la no utilización de los formularios normalizados de uso obligatorio, serán causas de inadmisión.

7.- Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria se realizará según lo previsto en las bases reguladoras de estas ayudas.

Vila de Neda

20/12/2021

Ángel Alvariño Saavera

Alcalde

EXTRACTO BASES REGULADORAS AXUDAS PARA MINIMIZAR O IMPACTO ECONOMICO E SOCIAL DA COVID-19 NO TERMI-NO MUNICIPAL DE NEDA, DURANTE O EXERCICIO 2021

BDNS(Identif.):602038

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/602038>)

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 20 de decembro de 2021, aprobou o expediente de inicio da convocatoria de subvencións para o ano 2021, segundo as bases reguladoras que figuran como anexo ás Bases de Execución do Orzamento 2021, para contribuir a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 no termo municipal de Neda, durante o exercicio 2021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e na páxina web do Concello.

1.- Obxecto do programa.

As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, xustificación, pago e reintegro) das subvencións a conceder polo Concello de Neda destinadas a paliar o impacto derivado da crise socioeconómica ocasionada polo Covid-19 sobre as pequenas empresas e persoas traballadoras autónomas de Neda que se indicarán no apartado terceiro destas bases

2.- Gastos Subvencionables.

Ten a consideración de concepto subvencionable o financiamento de gastos estruturais e de funcionamento correntes, que axuden ao mantemento da actividade.

O importe da subvención deberá destinarse a gastos inherentes á actividade, de funcionamento e mantemento, podendo destinarse aos gastos de aluguer de local ou vehículos da empresa, gastos hipotecarios do local ou sede social da empresa, dixitalización do negocio, nóminas de traballadores, cotas á seguridade social dos traballadores ou empresario autónomo, mercadotecnia e publicidade, actuacións de mantemento do local, subministracións de materias primas, servizos profesionais independentes, primas de seguros e subministracións (auga, electricidade e gas).

Os gastos subvencionables corresponderanse con gastos realizados e efectivamente abonados entre o período comprendido do 01.01.2021 ao 31.12.2021.

3.- Persoas beneficiarias.

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo, microempresas, pequenas empresas, comunidades de bens, sociedades civís ou entidades económicas empresariais sen personalidade xurídica que reúnan, no momento de presentar a solicitud de subvención, os requisitos previstos na base terceira da dita norma.

A microempresa e a pequena empresa son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos colaboradores.

4.- Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total 70.000,00 euros do orzamento municipal para o exercicio 2021, na aplicación orzamentaria 430.47901, financiada con fondos propios do concello de Neda.

A subvención será outorgada a todas as persoas beneficiarias que reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, ata esgotar o crédito dispoñible, rateándose, no seu caso, a contía total máxima fixada na convocatoria dentro do crédito dispoñible entre o número de solicitudes presentadas que reúnan os requisitos sinalados nas bases.

5.- Contía das axudas.

Concederase unha cantidade fixa de:

Ata un máximo de 1.000,00 euros por cada beneficiario desta axuda.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas.

6.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

6.1.- Forma

As solicitudes deberán presentarse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Neda, para aquelas persoas interesadas que teñan a obriga de relacionarse coa Administración por medios electrónicos.

As persoas interesadas en participar na presente convocatoria deberán presentar o modelo de solicitude normalizado que estará dispoñible na páxina web municipal asinado dixitalmente pola persoa física ou a representante legal da persoa xurídica.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e a representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considérase unha soa entidade todas aquelas nas que os/as socios/as, administradores/as ou membros da xunta directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

6.2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP).

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

7.- Outros datos de interés

Tanto as solicitudes coma o resto da tramitación da presente convocatoria realizarase segundo o previsto nas bases reguladoras destas axudas.

Vila de Neda

20/12/2021

Ángel Alvariño Saavedra

Alcalde

2021/8826